

# Un legado de María Victoria Moreno

Artigo de Mariño Suarez sobre legado e funeral de María Victoria.  
Fonte: *La Voz de Galicia* o 23 de novembro de 2005



**Consello da Cultura Galega**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)



A autora dera clase no centro entre mediados dos oitenta e a súa xubilación, no ano 2002

# María Victoria Moreno legou 5.000 libros ao instituto Torrente Ballester

*O funeral pola escritora, falecida onte, levarase a cabo hoxe ás 17.30 horas en Campolongo*

**Martiño Suárez**

PONTEVEDRA

■ A maior parte da extensa colección de libros da escritora María Victoria Moreno, falecida onte, pasará a formar parte da biblioteca do instituto Torrente Ballester, no que exerceu de profesora de literatura entre mediados dos oitenta e o 2002, o ano da súa xubilación. A falta de que se coñeza o contido do seu testamento, esta era a intención que a autora tiña desde hai anos: ceder os máis de 5.000 volumes que reuniu durante a súa vida a aqueles aos que máis quixo, o seus alumnos.

Recén licenciada, Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941) chegou a Pontevedra no 1963 para dar clase de literatura no Valle-Inclán. Abandonou o centro a mediados dos oitenta para pasar a exercer no Torrente Ballester, onde chegou a xefa de departamento.

## Esperanza para o futuro

Ontes foron os seus ex compañeiros de traballo os que comunicaron o seu falecemento mediante unha nota de prensa. A autora de *Anagnórise* e *Diario da luz de a sombra* levaba anos loitando contra un cancro de mama, e someténdose a tratamentos experimentais, tamén como unha forma de facilitar



RAMÓN LEIRO

**María Victoria Moreno colaboraba habitualmente en campañas de animación á lectura**

unha esperanza á xente que padeza este mal no futuro.

Hoxe, a dirección do Torrente Ballester facilitará aos docentes e aos alumnos que poidan asistir ao funeral, que se levará a cabo ás cinco e media da tarde na igrexa de San Xosé, en Campolongo, un barrio polo que non era difícil ver a María Victoria Moreno paseando os seus cans teckel, Alma e Nicolás. «A súa intención era regalarnos os seus libros, algúns deles moi interesantes», explicaba onte o director do centro no que deu clases, José Ramón Couto.

«Tenía una capacidad enorme para transmitir a los alumnos la emoción que puede contener un texto literario. Era su punto fuerte, y en éso era única», dicía onte Eduardo Cid, director do instituto Valle-Inclán e compañeiro de Moreno neste centro.

O pesar polo falecemento de María Victoria Moreno estendeuse onte tamén ao Concello, ao que a escritora axudaba habitualmente no marco de campañas de animación á lectura. O director xeral de Creación Cultural e ex concelleiro en Pontevedra, Luis Bará, agradeceulle a súa «colabora-

ción intensa e entusiasta», e comprometeuse a que «a súa lembranza siga viva». O alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores, destacou o exemplo de Moreno como o «dunha muller nacida en Cáceres que exerceu de pontevedresa e de galega, todo un exemplo de compromiso e de amor ao idioma, a literatura e o país». A concelleira de Cultura actual, María Xesús Escudeiro expresou a «dos pola morte dunha persoa comprometida». A conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, presentou as súas condolencias mediante unha nota de prensa.